



GUÍA PARA AS FAMILIAS PROTOCOLOS COVID - 19

Ao longo do verán e, durante estes días do mes de setembro, estivemos traballando no protocolo para garantir a seguridade dos seus fillos/as, pero, o protocolo foi mudando continuamente e, tivemos que ir adaptándoo ás novas instrucións que se nos daban. **A páxina web do centro educativo vai ser un dos vehículos oficiais de información e é recomendable que estean pendentes das novidades que vamos incluíndo** nela. Ademais, recibirán avisos e comunicacións a través da **Rede Abalar**, polo que é moi necesario que **TODAS AS FAMILIAS** o teñan instalado.

A Dirección e o persoal do centro estarán a súa disposición, durante todo o curso escolar, en horario lectivo, para **resolver ou aclarar as súas dúbidas**, a través **dos teléfonos do centro e do correo electrónico**.

Durante este curso **as familias non poderán entrar no centro nin permanecer nel** (agás os grupos de Educación Infantil e, o primeiro día no caso de 1º de primaria e, en calquera dos casos, só un membro do núcleo familiar). **Se teñen que recoller ao seu fillo/a deberán avisar con antelación** mediante unha **chamada telefónica** ao centro ou, a través, do **correo electrónico**.

Apelamos á responsabilidade individual para non facer grupos nos accesos ao centro educativo.

DATAS COMEZO DAS CLASES

- **Día 10 de setembro**: Comezo das clases para 4º Infantil, 5º Infantil, 1º, 2º e 3º de E. Primaria.

- **Día 11 de setembro:** Comezo das clases para 6º Infantil e 4º, 5º e 6º de E. Primaria.



TODO O ALUMNADO DE E. PRIMARIA DEBERÁ ACUDIR AO CENTRO CON MÁSCARA.

ADEMAIS DEBERÁ TRAER OUTRA MÁSCARA DE REPOSTO NUNHA BOLSA OU ESTOXO.

AS DÚAS MÁSCARAS TEÑEN QUE TRAER O NOME DO NENO/A.



HORARIOS DE ENTRADA E SAÍDA

Os horarios (agás 4º de E. Infantil que estará co período de adaptación) teñen en conta as seguintes **consideracións especiais** relativas á organización deste curso escolar no que:

- **As entradas e saídas** durante este curso escolar (ou mentres a situación así o requira) **realizaranse de forma escalonada.**
- Nas **entradas** o alumnado **formará filas para entrar nas aulas nos espazos habilitados para cada curso.** (estarán marcados no chan)

- **Alumnado de E. Primaria:** entrará só no centro entre as **8:45 e as 9:00** (segundo o horario que figura no protocolo). As familias non poderán acceder ao recinto escolar, agás o alumnado de 1º de primaria que, ao ser o primeiro día de clase, poderá ser acompañado á entrada principal por un só adulto.
- **Alumnado de E. infantil:** Entrará no centro, acompañado dun só familiar entre as **9:00 e as 9:20h** (segundo o horario que figura no protocolo)
- As **saídas** realizaranse escalonadas entre as **13:45 e as 14:00 h.** Cada curso terá unha hora e unha porta específica de saída.

EDUCACIÓN INFANTIL (ENTRADA POLA PORTA PRINCIPAL DO EDIFICIO EN RÚA CAMBRIA)

- **4º de educación infantil** (3 anos): **9:20 - 13: 45** (*cando remate o período de adaptación*)
- **5º de educación infantil** (4 anos): **9:10 - 13: 50**
- **6º de educación infantil** (5 anos): **9:00 – 13: 55**

EDUCACIÓN PRIMARIA (ENTRADA POR RÚA CAMBRIA)

- **1º de e. primaria:** **8:55 - 13:50** (*Entrada e saída pola porta principal de Rúa Cambria*)
- **2º de e. primaria:** **8:55 - 13:50** (*Entrada e saída pola cancela de vehículos de Rúa Cambria*)
- **3º de e. primaria:** **8:50 – 13:55** (*Entrada e saída pola cancela de vehículos de Rúa Cambria*)

EDUCACIÓN PRIMARIA (ENTRADA e SAÍDA POLA RÚA MARINA ESPAÑOLA)

- **4º de e. Primaria:** **9:00 – 14:00** (*Entrada e saída pola porta de Marina Española*)
- **5º de e. primaria:** **8:55 - 13:55** (*Entrada e saída pola porta de Marina Española*)
- **6º de e. primaria:** **8:45 – 13: 50** (*Entrada e saída pola porta de Marina Española*)

Nas páxinas 16, 17, 18 e 19 do Protocolo de Adaptación ao Contexto Covid podemos encontrar toda a organización das entradas e saídas do alumnado.]

En cada unha das portas de acceso ao colexio distribuirase profesorado para colaborar nos labores de entrada, asegurarse que todo o alumnado leva a máscara, garantir que todos e todas usan correctamente o xel hidroalcohólico que temos en todas as entradas, aulas, espazos comúns ..., e evitar a entrada de persoas non autorizadas no recinto. Esta entrada vai retardar moito o inicio das clases cada día, polo que lles pedimos a súa colaboración para que se faga da maneira máis áxil posible e as nenas e nenos poidan aproveitar ao máximo as horas que pasan connosco.

USO DOS ASEOS

O alumnado empregará os aseos existentes na zona que lle corresponda á súa aula e que estarán marcados co número da súa clase. Os aseos serán mixtos e distribuiremos un por cada grupo de alumnos/as: un aseo para os 1º, outro par a os 2º e, un terceiro, para os 3º (todos sitios na planta baixa). O mesmo sucede coa planta superior, onde os aseos serán repartidos entre 4º, 5º e 6º.



- Respetaranse os labores de limpeza e desinfección, polo que aqueles que estean sinalizados nese intre con eses distintivos non poderán ser empregados.
- **A limitación de aforo para os baños será a un usuario**, e para controlalo haberá un sistema de “semáforo”, que indicará se o baño está libre ou non.
- Todos os aseos terán cartelería sobre o correcto lavado de mans.

MEDIDAS ESPECIAIS PARA OS RECREOS

Realizaranse **dúas quendas de recreo:**



- **de 10:55h a 11:25h** – 1º - 2º -3º de Educación Primaria
- **de 11:45h a 12:15h** – 4º - 5º -- 6º de Educación Primaria e Educación Infantil

- **Tanto o alumnado de infantil como o de primaria empregará as rutas e quendas de entrada e saída que utiliza para as entradas e saídas do colexio, polo que volve ser moi importante cumprir estritamente cos horarios.**

- **Crearanse zonas diferenciadas que garantan que cada nivel pode ter un espazo de recreo no que se respecte a distancia social:**

- 1.- Zona de xogos de infantil 1
- 2.- Zona verde de infantil 2
- 3.- Zona verde de infantil 3
- 4.- Patio de Rúa Cambria (dúas zonas)
- 5.- Pavillón (dúas zonas)
- 7.- Patio Marina Española (4 zonas)
- 9.- Biblioteca (unicamente para días de choiva)
- 10.- Usos múltiples (espazo comodín)

A merenda realizarase de xeito individual en espazos diferenciados (mesa de referencia) e co grupo de alumnos/as de referencia dentro da aula antes do recreo, no caso do alumnado de educación infantil. Realizarase unha desinfección das mesas cun produto apto mentres o alumnado procederá ao lavado de mans con xabón.

En educación primaria, a merenda realizarase, no caso de ser posible no patio exterior (zona asignada) para garantir o distanciamento sempre que o tempo o permita durante o recreo.

En ambos casos:

- **A bolsa da merenda é recomendable que sexa de tea (lavar con frecuencia) e debe traer os seguintes elementos:**
- **Unha botella de auga co nome do/a alumno/a (non estará permitido enchela no colexio)**

- Que a merenda veña nun recipiente pechado e identificable con tapa para poder ser usado para apoiar os alimentos.

GRUPOS ESTABLES DE CONVIVENCIA

En educación infantil e na educación primaria, a organización do alumnado establecerase, con carácter xeral, en **grupos de convivencia estable**, en cuxo ámbito non se aplicarán criterios de limitación de



distancia. Debe garantirse a estanqueidade do grupo de convivencia estable en todas as actividades que se realicen dentro do centro educativo.

Pódense formar **grupos de traballo cooperativo estables**, de tal xeito que se reduzan as interaccións físicas entre grupos. Deste xeito, garantimos que dentro da aula o contacto directo unicamente se produza entre grupos dun máximo de catro ou cinco alumnos/as.

Os membros do grupo estable poden xogar e socializar entre si sen ter que manter a distancia interpersonal de forma estrita, evitando desprazamentos innecesarios pola aula (**cada titoría poderá organizar e distribuír segundo as necesidades, equipos cooperativos estables de traballo**).

- **Cada alumno/a terá o seu material de traballo no seu estoxo correctamente identificable e non estará permitido compartir dito material.**
- **Cando sexa necesario compartir material común, distribuirase en gabetas ou caixas para cada un dos grupos, tendo que ser desinfectado unha vez finalizado o emprego.**

AUTOENQUISA COVID (*consultar protocolo*)

As familias medirán a temperatura aos seus fillos e fillas pola mañá, e en caso de presentar febre ou outros síntomas compatibles coa COVID-19, absteranse de mandalos ao colexio, ao que chamarán para poñer en coñecemento deste feito, e para xustificar a falta de asistencia.

Sobra dicir que **calquera persoa** (alumno/a, mestre/a, traballador/a ou familiar de alumno/a) **diagnosticado de COVID** ou que se atope en **corentena** por iso, **non poderá acceder ás instalacións baixo ningunha circunstancia.**